



# Padrón

Concello de Padrón  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
www.padron.gal  
Telf: 981 81 04 51  
Fax: 881 24 93 91

## DECRETO DO ALCALDE: CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO 676/2026 DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA XOVES 25 DE XUÑO DE 2026.

### Antecedentes administrativos.

Primeiro. En data 19/06/2026 o Alcalde asinou o Decreto 676/2026 de Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o día xoves 25 de xuño de 2026. No punto 5 da orde do día incluíuse "Dación de conta dos Decretos do Alcalde do número 487/2026 ao 568/2026". Non en tanto, compróbase que as resolucións da Alcaldía que debían darse conta nesa sesión plenaria eran do número 569/2026 ao número 671/2026.

Segundo. Compróbase no Portal de cargos electos e tamén no procedemento de xestión da proposta número 2026/G006/000511 que o texto dos Decretos remitidos e postos a disposición de todas as persoas membros da Corporación Municipal son os correctos: do número 569/2026 ao 671/2026, tratándose dun erro exclusivamente no título do punto 5 da orde do día da convocatoria..

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 109.2. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recolle que "*As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Corrixir o erro cometido no punto 5 da orde do día que figura no Decreto 676/2026, do 19 de xuño, de tal xeito que onde di:

- 5. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 487/2026 AO 568/2026.

#### Debe dicir:

- 5. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 569/2026 AO 671/2026.

**Segundo.** Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca